

XOGOS, VIDEOXOGOS E ENTRETEMENTOS VARIOS:

<http://www.edu.xunta.es/preguntoiro/>

Xogos de preguntas para un, dous, tres e catro participantes sobre cultura galega (arte, bioloxía, etnografía, historia, lingua, literatura, refráns e xeografía). Tres niveis de dificultade: estándar, desafío e maratón.

<http://www.culturagalega.org/entretemento.php>

114 encrucillados elaborados por Paulino Novo. Tamén permite a descarga de xogos.

<http://vello.vieiros.com/leiteira/xogo/cota.html>

Xogo de destreza e habilidade para o manexo do rato. O Xocas é un labrego que ten que se facer cuns papeliños que lle permitirán ampliar a súa cota leiteira.

<http://www.correlingua.org/main.aspx>

Pinchando en ferramentas, dá acceso a xogos tan coñecidos como o **TRIVIAL.GZ** (a nosa historia, literatura, xeografía...) e o **SCRABBLE.GZ**, a ver quen fai a palabra máis longa.

Tamén dá acceso a test sobre coñecementos xerais de diferentes ámbitos : literatura, léxico, adiviñas...

<http://www.culturagalega.org/especiais/misterio/index.htm>

Aquí atópase o xogo **O MISTERIO DAS 7 PEZAS**. Ana ten que resolver unha difícil misión: Santiago de Compostela está suspendida no aire; ela debe recuperar sete pezas emblemáticas de Santiago.